



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS-TRACTORISTA, PERSOAL LABROAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020

Sendo as 13:30 horas do día 27 de setembro de 2021, en sesión telemática celebrada mediante audioconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021), reúnense os membros do Tribunal de selección consonte coa composición determinada na Resolución de Alcaldía núm. 625/2021, do 31 de maio (BOP núm. 102 do 02.06.2021) e convocados pola mesma, que a continuación se relacionan:

Presidenta: Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Vogais:

María Dolores Pita da Veiga (funcionaria de carreira do Servizo de Arquitectura e Mantemento da Deputación Provincial da Coruña)

Antonio Fernández Fernández (persoal laboral fixo da Xunta de Galicia)

Juan Carlos Gómez Pérez (arquitecto técnico municipal do Concello de Bergondo)

Secretaria: Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, queda constituído válidamente o Tribunal de selección.

Polo Tribunal repásanse as normas de execución do primeiro dos exercicios da oposición, regulado na base 8ª as bases específicas (BOP núm. 49 do 15.03.2021) do seguinte xeito: “ **Primeiro exercicio:** Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido da parte xeral do programa contido no Anexo II das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 60 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. O aspirante que non acadese 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.”

Deseguido, procédese á determinación das 50 preguntas que conformarán o citado exercicio máis 5 preguntas de reserva. Incorporárase á presente acta o exame asinado en papel por tódolos membros do Tribunal.

Como normas de execución do primeiro exercicio sinálasen as seguintes:


- En caso de marcar erroneamente unha resposta, escribírase claramente diante da letra da resposta a palabra NON e marcarase a correcta. Doutro xeito, en caso de marcar DOUS ou máis respostas, considerarase contestada incorrectamente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

- Empregarase bolígrafo azul ou negro para a realización da proba
- Deberán apagarse e guardarse os teléfonos móbiles antes de iniciar a proba
- Respostaranse tódalas las preguntas de reserva
- Na proba garantirase o anonimato dos aspirantes. Para o cal, deberán cubrir un folio que se lles entregará nun sobre pequeno, no que figura un número, cos seus datos personais. Ese folio, introducirase unha vez cuberto e asinado, no sobre pequeno que guardárase pechado dentro dun sobre grande, xunto co exame. No exame solo poden poñer o número asignado, sen ningún outro tipo de marca nin dato.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina por tódolos integrantes do Tribunal. Dou fe; a secretaria

A Presidenta



Os/as Vogais



A secretaria

